

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0268	Confección á medida	2023/2024	0	209	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEGOÑA RODRÍGUEZ TAIBO, MARÍA DEL CARMEN ROSALES LOIRA, ALMA MARINA RODRÍGUEZ GARCÍA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.
RA2 - Cose á man tecidos ou peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada, as ferramentas e os útiles seleccionados.
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais nos procesos de confección á medida, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Interpretouse a información e os manuais referentes ao funcionamento, a utilización e a posta a punto das máquinas de coser que se utilizan nos procesos de confección á medida.
CA1.2 Preparáronse os utensilios, os accesorios e os materiais requiridos para a ensamblaxe á man na confección á medida.
CA1.3 Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.
CA1.4 Comprobase o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.
CA1.5 Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de coser.
CA1.6 Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método e precisión.
CA2.1 Descríronse os procesos para a ensamblaxe por costura á man das pezas e dos artigos en téxtil e de pel.
CA2.2 Seleccionáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.

Crterios de avaliación do currículo
CA2.3 Identifícanse os tipos de puntadas que se poden realizar na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
CA2.4 Realízouse a ensamblaxe por confección á man dos compoñentes téxtiles ou de pel.
CA2.5 Realizáronse pequenos arranxos ou operacións manuais de costura en artigos e pezas de vestir.
CA2.6 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe na confección á man, co fin de garantir a calidade requirida.
CA3.1 Recoñecéronse as máquinas, os equipamentos, os programas e os accesorios para a ensamblaxe.
CA3.2 Descríronse as fases do manexo de máquinas de ensamblaxe na confección á medida.
CA3.3 Practícouse o acoplamento á cinemática da máquina de coser.
CA3.4 Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.
CA3.5 Realizáronse costuras a máquina.
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.
CA3.7 Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.
CA3.8 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe, co fin de garantir a calidade requirida.
CA4.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección á medida.
CA4.2 Operouse coas máquinas de costura e acabamento na confección á medida respectando as normas de seguridade.
CA4.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para a costura e acabamentos, na confección á medida.
CA4.4 Descríronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de confección á medida.
CA4.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA4.6 Identifícanse as posibles fontes de contaminación do ámbito ambiental.

Crterios de avaliación do currículo

CA4.7 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

2.2. Segunda parte da proba**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.

RA2 - Cose á man tecidos ou peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada, as ferramentas e os útiles seleccionados.

RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.

RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais nos procesos de confección á medida, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.

2.2.2. Crterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**Crterios de avaliación do currículo**

CA1.1 Interpretouse a información e os manuais referentes ao funcionamento, a utilización e a posta a punto das máquinas de coser que se utilizan nos procesos de confección á medida.

CA1.2 Preparáronse os utensilios, os accesorios e os materiais requiridos para a ensamblaxe á man na confección á medida.

CA1.3 Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.

CA1.4 Comprobase o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.

CA1.5 Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de coser.

Crterios de avaliación do currículo

CA1.6 Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método e precisión.

CA2.2 Seleccionáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.

CA2.4 Realizouse a ensamblaxe por confección á man dos compoñentes téxtiles ou de pel.

CA2.5 Realizáronse pequenos arranxos ou operacións manuais de costura en artigos e pezas de vestir.

CA2.6 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe na confección á man, co fin de garantir a calidade requirida.

CA3.2 Describíronse as fases do manexo de máquinas de ensamblaxe na confección á medida.

CA3.3 Practicouse o acoplamento á cinemática da máquina de coser.

CA3.4 Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.

CA3.5 Realizáronse costuras a máquina.

CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.

CA3.7 Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.

CA3.8 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe, co fin de garantir a calidade requirida.

CA4.2 Operouse coas máquinas de costura e acabamento na confección á medida respectando as normas de seguridade.

CA4.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA4.7 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- RA.1 - Preparáronse os utensilios, os accesorios e os materiais requiridos para a ensamblaxe á man na confección á medida.
- Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.
 - Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método e precisión.
- BC.1 - Máquina de coser: estrutura e compoñentes
- Máquinas auxiliares (equipamentos de pasada, ollais, bordadoras, etc) estrutura e compoñentes
 - posta apunto de equipamentos e máquinas
 - Cambio de agullas, de prensatecidos e funís
 - tensamento de correas e poleas
 - Mantemento de primeiro nivel: lubricación, engrase e limpeza de máquinas
- RA.2 -Selecciónáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
- Identificáronse os tipos de puntadas que se poden realizar na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
 - Realizáronse pequenos arranxos ou operacións manuais de costura en artigos e pezas de vestir.
- BC.2 -Útiles e ferramentas da costura a man.
- Puntadas realizadas a man: tipos e características. Normas UNE, grupo 200.
 - Costuras realizadas a man : tipos e características. Normas UNE.
 - Fases da costura a man:tipos, características e parametros.
 - Cosido a man dun artigo ou dunha peza téxtil: técnicas.
- RA.3 - Recoñecéronse as máquinas, os equipamentos, os programas e os accesorios para a ensamblaxe.
- Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.
 - Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.
 - Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe, co fin de garantir a calidade requirida.
- BC.3 - Máquinas de coser para a confección a medida: puntadas grupos 100, 200, 300, 400, 500, 600 e 800
- Cosido a máquina dun artigo ou dunha peza téxtil: tipos de arrastres, prensatecidos, agullas, fios. Características e aplicacións.
 - Aplicacións de fornituras e adobíos na confección a medida.
 - Composturas
 - Normas de calidade na costura a máquina na confección a medida: largura de costura, tipo de agulla, título de fío, densidade de puntada e tensión do fío.



- RA.4 - Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección á medida.
- Operouse coas máquinas de costura e acabamento na confección á medida respectando as normas de seguridade.
 - Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
- BC.5 - Normas de prevención de riscos.
- Elementos de seguridade implícitos nas máquinas de ensamblaxe e remate na confección a medida
 - Condicións de seguridade do posto de traballo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Serán os seguintes:

Primeira parte da proba: Exame teórico e/ou tipo test, a porcentaxe de calificación será de 100% dos contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe.

Segunda parte da proba: Exame de un ou varios casos prácticos na que a porcentaxe de calificación será de 60% procedementos na execución, 30% acabados finais e calidade no traballo proposto e 10% actitude na orde, a limpeza do espacio de traballo así coma nos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba suporá a realización dun exame teórico que versará sobre os contidos conceptuais do módulo. Consistente nunha batería de preguntas e/ou de tipo test. No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas restarán unha porcentaxe de 0,1 puntos.

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio. Calificarase de 0 a 10 puntos e para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

O material para realizar esta proba será: bolígrafo azul. Non se permite o uso do teléfono móbil.

O tempo de realización de esta proba será de :1 hora e 30 minutos

4.b) Segunda parte da proba

Superada a primeira proba procederase a realizar a segunda parte da mesma, está terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Calificarase de 0 a 10 puntos para súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A calificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das calificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada a unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

Realizarase no taller de confección . O material necesario para realizar esta proba será : tesoiras , dedal, agullas de man, alfileres, cinta métrica, bolígrafo azul, portaminas, goma. Non se permite o uso do teléfono móbil.

O tempo de realización de esta proba será de : 3 horas